



Vigo, 30 de outubro de 2015

NOTA TÉCNICA SOBRE A ELIXIBILIDADE DE GASTOS PARA PROXECTOS FINANCIADOS CON FONDOS EXTERNOS

1.-Cotas a sociedades científicas

Non serán elixibles as cotas de pertenza a sociedades científicas nos proxectos financiados polos organismos nacionais e internacionais (polo de agora se exceptúan os proxectos financiados pola Xunta de Galicia sempre que non se co-financien con fondos europeos).

2.-Cargos Internos

Por norma xeral non serán elixibles os cargos internos. En ningún caso en axudas ou proxectos financiados por fondos europeos.

Excepcións:

1-Que a propia convocatoria o autorice expresamente.

2-Que na solicitude de axuda ou do proxecto se mencione expresamente e se motive a necesidade de realizar gastos que se van soportar con traballos executados internamente (cargos internos). En todo caso a resolución da axuda debe contemplar esta autorización.

3-Cando o cargo interno sexa derivado da imputación dunha compra a un provedor externo de maneira centralizada a un proxecto, e se dispoña da factura orixinal do provedor do consumo ou servizo, poderase imputar o cargo interno como gasto elixible, facendo constar copia da factura orixinal do provedor e mención específica da porcentaxe de imputación no propio cargo interno.

4-Cando exista unha exclusividade técnica que sustente de forma motivada (e tras realizar un estudo das posibilidades do mercado) que os medios propios son os únicos capacitados para levar a cabo os encargos. Neste caso, ademais da motivación do encargo debe comunicarse o feito ao ente financiador antes da execución material do gasto para a súa aprobación.

Nos casos descritos e unha vez autorizados polo ente financiador, o procedemento para xustificar os cargos internos será:

- a) Mención específica, motivada e autorizada polo ente financiador.
- b) No cargo interno debe facerse mención aos prezos públicos aprobados e publicados no orzamento do exercicio correspondente, especificando o orzamento e a páxina que relaciona os prezos públicos aplicados en cada caso.
- c) A execución orzamentaria do gasto levarase a cabo mediante un ADO de formalización.

IMPORTANTE: Para evitar incidencias nas axudas vixentes, no caso de que non estar suxeitos a algunha das excepcións, o grupo de investigación deberá enviar ao ente financiador una solicitude de elixibilidade do gasto informando motivadamente da necesidade do gasto a través dun cargo interno e xustificando a aplicación dos prezos públicos aprobados no orzamento do exercicio 2015. A Dirección do CACTI proporcionará un modelo de solicitude que cumpra con estas necesidades.

No caso de que non se envíe esta solicitude non se aceptarán como gastos elixibles os cargos internos nas axudas vixentes que non presenten algunha das excepcións aprobadas.



O Xerente

Manuel Fernández Jauregui